

**Guía para a diversificación de espazos educativos na ESO dende unha perspectiva inclusiva, igualitaria e interdisciplinaria**



# Manual de uso



"Guía para a diversificación de espazos educativos na eso dende unha perspectiva inclusiva, igualitaria e interdisciplinaria"  
por Rosa María González Iglesias e Elisa Moreira García  
públicase baixo unha licenza

[Creative Commons Recoñecemento-NonComercial-CompartirIgual 4.0 Internacional](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/)

Recurso creado durante unha licenza retribuída pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia.

## Índice

<b>1.- Introducción</b>	<b>3</b>
<b>2.- Operatividade do recurso</b>	<b>4</b>

## 1.- Introducción

Esta guía, en formato Aula Virtual, divídese en 7 grandes bloques, constituíndo cada un deles un Tema da Aula Virtual. Ademais, para facilitar o achegamento a cada unha das temáticas, cada bloque estará estruturado en catro apartados:



Primeiros pasos



Información



Posta en práctica



Para saber máis

Debe terse en conta que esta Guía pretende achegarse a todo o conxunto da comunidade educativa, partindo do profesorado, dun xeito interdisciplinario, querendo ser unha proposta o máis transversal posible, non dedicada a unha única materia ou especialidade. Polo tanto, non se presenta unha enumeración de contidos ou estándares curriculares ao uso, senón un abanico das diferentes oportunidades que abre cada un dos bloques.

Dada a ampla casuística que podemos atopar en cada centro, con contextos e condicionantes diferentes, animamos a tomar este recurso como un punto de partida que poida ser personalizado e adaptado a cada realidade.

## 2.- Operatividade do recurso

Para facilitar a navegabilidade do recurso, na páxina principal da Aula Virtual amosaranse contraídos os diferentes bloques que compoñen a guía, amosándose unha breve descrición de cada apartado e unha icona representativa. Para acceder ao contido de cada bloque, unicamente haberá que pinchar sobre o título de cada tema, abríndose así o contido de cada sección nunha páxina.

### INTRODUCCIÓN

Antes de entrar en materia cómpre entender que pretende ser este documento e cales son as súas bases. Sen esa composición de lugar previa, o resto do traballo perdería sentido. Como docentes, parece fundamental coñecer en que se basea esta proposta e cara onde se dirixe.

Así, este bloque servirá como un primeiro achegamento e como xerme da motivación e do interese. Presentaranse os obxectivos perseguidos, as posibilidades e os fundamentos nos que se sustenta a proposta. Polo tanto, axudaranos a tomar conciencia sobre a situación actual.



Etiquetas: 4 Páxinas: 3 Lección: 1 Glosario: 1

### METODOLOXÍAS

**Premer sobre o título dos bloques para acceder ao seu contido.**

*"Romparamos, pois, os muros da clase. Levemos o neno ao campo, ao taller, ao museo... Ensinémoslle a realidade na realidade antes que nos libros e entren na clase só para reflexionar e para escribir o que no seu espírito permanece ou nel brotase..."*

Con esta reflexión, Manuel Bartolomé Cossío (1857-1935), pedagogo e unha das figuras fundamentais da Institución Libre de Ensinanza anunciaba a necesaria ruptura co modelo de transmisión de coñecementos a prol da autonomía do alumnado, construtor da súa propia aprendizaxe e inmerso en diferentes escenarios que o conecten coa realidade e promovan o pensamento crítico.

Semella que, por fin, máis dun século despois os organismos competentes en materia de educación a nivel europeo, impulsados polo complexo avance da sociedade, comprometéronse a impulsar o cambio nos países membros. Os centros educativos deben estar preparados para asumilo enfrontándose a novas metodoloxías que empurren a docentes e alumnado a romper para sempre os muros das aulas.



Etiquetas: 4 Páxinas: 4 Leccións: 4

### COMPETENCIA GLOBAL

*"O simple movemento das ás dunha borboleta pódese sentir no outro lado do mundo"*

Este proverbio chinés foi empregado polo matemático e meteorólogo Edward Lorenz para explicar a teoría do caos, segundo a cal, un pequeno cambio pode provocar un efecto considerable e imprevisible.

Dentro da sociedade actual, cada vez máis complexa, dinámica e interconectada, accións desenvolvidas no plano local terán un impacto a nivel global. Nese sentido, a competencia global representa o necesario instrumento que permite a toma de conciencia e a busca de solucións a problemas relacionados co desenvolvemento sostible e coas desigualdades e inxustizas sociais que afectan á comunidade global.

Este novo bloque vai permitir afondar en diferentes mecanismos para a adopción de perspectivas diversas e interaccións en diferentes espazos ao abeiro de valores de respecto,



Os diferentes contidos preséntanse fundamentalmente en formatos de [Páxinas](#) ou [Leccións](#), facilitándose así a súa visualización. No caso das Páxinas, os contidos amosaranse nunha única xanela, sen precisar ningún tipo de navegabilidade extra. No que respecta ás Leccións, os diferentes contidos iranse amosando nunha sucesión de páxinas. Para poder navegar e avanzar ou retroceder dentro das leccións existen diferentes alternativas:

- Mediante os botóns de Anterior e Seguinte que se amosan na parte baixa.
- A través do Menú da lección que se amosa na parte esquerda da xanela.

# GUÍA PARA A DIVERSIFICACIÓN DE ESPAZOS EDUCATIVOS NA ESO DENDE UNHA PERSPECTIVA INCLUSIVA, IGUALITARIA E INTERDISCIPLINARIA

Menu da lección

- ¿Que é a competencia global?
- Competencia global no ámbito educativo
- Marco previo. Dereitos Humanos e competencias interculturais
- Marco previo. Educación para a cidadanía mundial
- ECM. Informado/a e capacitado/a con espírito crítico
- ECM. Socialmente contactado/a e respectuoso/a da diversidade
- ECM. Eticamente responsable e comprometido/a

## Competencia global. Concepto e marco previo

### Competencia global no ámbito educativo

Dende o **ámbito educativo** pode xogarse un **papel relevante** para permitir ao alumnado desenvolver a competencia global, **proporcionando oportunidades** para examinar criticamente as evolucións a escala mundial; ensinando a empregar a información dixital e as TIC dun xeito eficaz, crítico e responsable; fomentando a sensibilidade intercultural e o respecto; ou potenciando a capacidade do alumnado para comprender o seu lugar na comunidade e no mundo.

Deste xeito, pódese recorrer a **diferentes metodoloxías e actividades** que faciliten a promoción da competencia global, como o traballo mediante proxectos colaborativos, a aprendizaxe a través do servizo, etc.

Polo tanto, faise fundamental que, como docentes, traballemos dende a **igualdade**, a **inclusión**, a **co-educación** e o **desenvolvemento sostible**.

Anterior    Seguiente

Vostede completou o 86% da lección

Ademais, dentro das diferentes leccións e páxinas amosaranse diferentes formatos de contido, texto, imaxes, gráficos... e interactivos [H5P](#). No caso dos interactivos, aparecerán, en cada H5P, as instrucións específicas para o seu funcionamento.

Por último, para navegar entre os diferentes bloques da Guía pódese empregar a páxina principal da Aula Virtual e entrar en cada bloque tal e como describimos ao principio deste capítulo. Ou, estando dentro dun bloque, pódese tamén navegar cara ao anterior ou ao seguinte tema mediante as frechas de navegación que se amosan na parte inferior e superior; ou a calquera outro apartado empregando o menú despregable de *Ir a...*:

Primeiros pasos

Que implica a competencia global?

Información

Competencia global. Concepto e marco previo

Posta en práctica

Claves para contextualizar a Educación para a Cidadanía Mundial (ECM)

Claves para integrar a ECM na práctica da aula

A perspectiva de xénero na ECM

Para saber máis

Bibliografía/Mediateca

← METODOLOXÍAS

Ir a...

APROPIACIÓN DE ESPAZOS. ROMPENDO OS LÍMITES DA AULA →